



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

REGULAMENTO DO MERCADO DE ABASTOS DE A GUARDA

Artigo 1.- O Mercado ou Praza de Abastos, recinto cuberto e acondicionado adecuadamente, é o Centro Municipal de abastecemento diario que o Concello pon ó servizo público para subvenir á demanda diaria de alimentos da poboación. Prohíbese a venda de toda clase de mercadorías fora do recinto da Praza de Abastos.

Artigo 2.- O titular do Mercado de Abastos é o Concello de A Guarda que exercerá a actividade mediante concesións a particulares por tempo determinado de uso dos distintos locais e postos enclavados no mesmo.

Artigo 3.- Como ben de servizo público, a tenor do disposto nos artigos 4 e 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais ten a condición de inalienable, inembargable, imprescriptible e non suxeito a tributación.

Artigo 4.- O Concello titular do Mercado de abastos exercerá a necesaria intervención para o seu correcto funcionamento e para asegurar ós cidadáns o abastecemento diario de mercadorías de primeira necesidade.

Artigo 5.- Para o exercicio da función organizadora o Concello dotará de persoal e medios adecuados ó Mercado e nomeará un responsable con poderes de decisión ademais dun vixiante ou conserxe que terá ó seu cargo a diaria vixilancia, organización e apertura e peche da praza.

Artigo 6.- A Praza ou Mercado de Abastos para o cumprimento da súa función, permanecerá aberta ó público nos días e horas que o Concello estableza que serán de obrigado cumprimento para todos os concesionarios de postos emprazados na mesma.

Artigo 7.- A alta dirección e organización do Mercado de conformidade coas directrices establecidas polo Pleno da Corporación corresponde ó Alcalde que as exercerá por medio dun delegado.

ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE POSTOS E LOCAIS

Artigo 8.- A Praza de Abastos de A Guarda, consta de un corpo, un de pranta baixa e pranta superior, cun local para a Inspección Sanitaria.

Na parte da pranta baixa irán ubicados os postos adicados a carnicería, pescadería, mariscos e charcutería nos locais adosados ós muros da praza.

Na pranta superior os locais serán adicados á venda de produtos tales como, cárnicos, foritas, verduras, queixos, charcutería e toda clase de pan, excepto peixe.

Para o exercicio das actividades comerciais o Concello utilizará o sistema de concesión administrativa.

Artigo 9.- Os postos de venda, tanto os adosados ós muros como os situados nas bancadas centrais, serán obxecto de concesión por un prazo máximo de 10 anos prorrogables por outros cinco, mediante subasta que se celebrará de conformidade co establecido no Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000. Os empates resolveráanse por un sistema de poxas á Ilana durante 15 minutos adxudicándose ó mellor postor. A base da subasta viría dada pola valoración que de cada posto se faga na Ordenanza Fiscal.

As adxudicacións das concesións a proposta da Mesa de Contratación, serán competencia da Comisión de Goberno por delegación do Pleno.

O Concello excluirá da concesión os postos que estime convintes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 10.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá ser titular de mais de dous postos de venda na Praza. Entenderase por titular a estes efectos no caso de persoas físicas aquela persoa a nome da que se faga a concesión e a súa familia completa, esposa e fillos, que convivan co matrimonio.

No caso de persoa xurídica a empresa titular con todas as súas delegacións ou representacións legais ou filiais.

FUNCIONAMENTO

Artigo 11.- Os postos de vena do Mercado de Abastos serán destinados ó exclusivo fin para o que se fixo a concesión, non podendo ser cambiado este en ningún caso sen acordo municipal.

Artigo 12.- Os postos de venda serán atendidos polos titulares dos mesmos ou membros da súa familia, da cordo co disposto no art. 10, que deberán de estar provistos inexcusablemente do carnet de manipulador e certificado de non padecer enfermidade infecto- contaxiosa.

Cando o titular do posto teña necesidade de empregar a persoa allea á súa familia deberán solicitar do Concello a preceptiva autorización, para o que deberá presentar xustificante de Afiliación de dita persoa á Seguridade Social como empregado do solicitante, Certificado Médico de que non padece enfermidade infecto-contaxiosa e carnet de manipulador de alimentos.

No caso de ser titulares de concesión empresar comerciais, mercantís ou cooperativas para a atención de venda terán que ter un responsable da empresa ou cooperativa aludida.

Artigo 13.- A Praza será aberta ó público polo Encargado á hora prevista quen deberá encargarse así mesmo do seu peche.

Os titulares dos postos poderán acceder ó recinto da Praza unha hora antes da apertura ó público da mesma.

Artigo 14.- O Mercado estará aberto de 08:00 a 14:00 horas. Os postos deberán abrir diariamente o público salvo por causas moi graves (morte, enfermidade, accidente ou outras causas ou continxencias graves nas que poderán permanecer pechadas por prazo non superior a 15 días. Tamén poderán permanecer pechadas de forma escalonada durante o ano co fin de evitar o desabastecemento do Mercado por disfrute de vacacións, con aranzo a un Plan que deberá ser presentado no Concello polas Asociacións representativas dous meses antes do comenzo das vacacións. A Comisión de Goberno acordará aprobar ou non dito Plan coas modificacións que no seu caso procedan; neste último caso oírásenovamente ás Asociacións representativas por un prazo de quince días.

O incumprimento desta obriga sen causa xustificada ou sen autorización municipal dará lugar a sanción ou caducidade da concesión segundo os casos.

Artigo 15.- Todos os postos tanto os que se sitúan en locais pechados tipo local como os que se ubiquen en bancada, estarán sinalados co seu correspondente número e os en bancada convintemente delimitados.

Artigo 16.- As concesións de postos do Mercado serán transferibles a terceiros con autorización do Concello, que deberá solicitarse con tres meses de antelación propondo na instancia a persoa á que se pretende transferir e o prezo polo que se transfire.

O Concello, ó conceder a licencia, establecerá o canon a satisfacer que nunca poderá ser inferior á suma de dúas mensualidades da cota ou canon por utilización que se estableza na correspondente ordenanza fiscal cando o traspaso se realice entre ascendentes ou descendente de primeiro grao, e de cinco mensualidades cando se traspase a outra persoa.

No caso de falecemento ou incapacitación do titular da concesión poderán sucederlle os seus descendentes ou ascendentes en primeiro grao, aboando como prezo da transferencia a suma correspondente a dúas



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

mensualidades do canon que estableza a ordenanza fiscal. Estas sucesións deberán de ser tamén autorizadas polo Concello sen cuio requisito consideraranse fraudulentas e darán lugar á anulación da concesión.

Tanto as transferencias a terceiros como as sucesións de descendentes ou ascendentes entenderanse polo tempo que reste ata a caducidade da concesión outorgada ó primeiro titular. Excepcionalmente, ás persoas que se atopen na actualidade incursos no parágrafo 3º deste artigo, computaráselles o prazo de 10 anos dende o seguinte día hábil da entrada en vigor do presente Regulamento.

No caso de falecemento do titular sen herdeiros legais, reconécese os mesmos dereitos ós asalariados que contén con máis de 2 anos de antigüidade no mesmo posto.

DAS CONDICIÓNS DOS POSTOS E PERSOAL

Artigo 17.- Nos postos de venda, especialmente os adicados ás carnes e peixes, deben adoptarse as máximas precaucións en canto a hixiene e limpeza tanto no instrumental e estantes como no tocante ós materiais para envolver as carnes ou peixes, prohibíndose o uso de papel impreso e plástico non axeitado. Todos os postos deberán ter un recipiente adicado a recoller os desperdicios, recipiente que estará dotado da súa correspondente tapa.

Artigo 18.- Os encargados da venda de carnes non consentirán que o público a manosee, debendo estar protexida por un cristal que evite o contacto directo do público e os mesmos. Igualmente se procederá en relación coas froitas e verduras non deixando que os compradores as manoseen.

Todos os postos do Mercado estarán dotados dos adecuados aparatos de pesa e medida con arranxo á lexislación.

Os aparellos de pesar serán electrónicos e permitirán que o cliente poida comprobar todos os datos na pantalla de que están dotados.

Artigo 19.- Corresponderán ó Alcalde ou Concelleiro Delegado para os Mercados dictar e facer cumprir as normas concretas de actuación e funcionamento do Mercado que non estén contidas neste Regulamento e se consideren necesarias ou convenían para mellorar o funcionamento en beneficio dos usuarios.

De toda modificación sustancial darase conta ó Alcalde que o porá en coñecemento da Corporación na primeira sesión que celebre.

Artigo 20.- Declararase caducada a concesión na que a actividade da mesma non se exerce durante un mes.

Excepcionalmente e por causas graves plenamente sustentadas poderase autorizar ó titular da concesión a deixar o posto ou local sen actividade durante quince días que se poderán prorrogar por outros quince por unha soa vez cando as circunstancias o aconsellen por causas de suma gravidade.

Artigo 21.- A caducidade declarárase previo expediente con audiencia do interesado e o posto ou local quedarán a disposición do Concello que poderá outorgar nova concesión sobre o mesmo.

Artigo 22.- Permitirase ós titulares das concesións de locais efectuar melloras nos mesmos previa autorización municipal. Ditas obras, previa presentación do proxecto se procede, quedarán a beneficio do Concello sen contraprestación algunha ó remate da concesión.

Artigo 23.- Todos os concesionarios deberán estar dados de alta no correspondente epígrafe do imposto sobre actividades económicas e coa corespondente cobertura da Seguridade Social na rama correspondente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 24.- O mantemento e coidado así como a limpeza dos locais estará a cargo dos seus concesionarios que así mesmo terán a obriga de pagar o consumo de auga, electricidade e taxa de recollida de lixo. A limpeza xeral da Praza será por conta do Concello.

Artigo 25.- A concesión considerarase caducada ademais de pola causa prevista no artigo 22 polas seguintes:

- a) Falecemento do titular sen herdeiros.
- b) Falla de pago das cotas mensuais durante tres meses seguidos ou cinco alternos.
- c) Cesión antirreglamentaria da concesión.
- d) Vender artigos distintos daqueles ós que o posto ou local está adicado.
- e) Venda de artigos prohibidos ou mercadorías en malas condicións ou de carne ou peixe procedente de especies que estean en época de veda.
- f) Fraude comprobado no peso ou calidade das mercadorías.
- g) Comisión de falla que leve aparelada a caducidade.
- h) Renuncia expresa do titular da concesión.

Artigo 26.- Ó final da concesión os postos e locais serán devoltos ó Concello en condicións de perfecta conservación, respondendo o concesionario dos deterioros que non se deban ó uso normal e ó transcurso do tempo. Esta responsabilidade seráles esixida en todo caso debendo facerse cargo do custe das reparacións que foran debidas a un mal uso do local ou a culpa ou negligencia notable.

4

DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS

Artigo 27.- Son dereitos dos concesionarios dos postos do Mercado:

- a) Explotar os mesmos na forma establecida por este Regulamento, e os preceptos que se disponían, por quen no mesmo se prevé durante o tempo da concesión.
- b) Transferir na forma prevista ós seus causahabintes os dereitos de explotación no caso de enfermidade que lle inhabilite ou por morte do titular.
- c) Ser respectado nos seus dereitos e protexido contra a competencia ilegal.
- d) A que ningún máis que eles poidan exercer o comercio dentro do recinto da Praza de Abastos.

Artigo 28.- Son obrigas dos concesionarios:

- a) Usar bata branca, guantes e gorro para a cabeza durante o traballo, excepto os traballadores ou responsables da pranta superior que adecuarán a súa vestimenta á normativa vixente segundo os postos.
- b) Cumprir as normas establecidas neste Regulamento ou que se establezan para o bon funcionamento da Praza do Mercado.
- c) Ter aberto o posto- e ben surtido de mercadoría- todos os días que a Praza debe estar aberta ó público, agás no suposto en que por razóns meteorolóxicas non haxa peixe fresco.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- d) No caso de persoas físicas, atender o posto de venda persoalmente ou por membros da súa familia e solicitar licenza municipal para empregar outros traballadores.
- e) Estar en posesión do carnet de manipulador tanto o titular como os membros da familia que se adiquen á venda, e os empregados no seu caso, cando os artigos á venda así o esixan.
- f) Satisfacer puntualmente as taxas que estableza a Ordenanza Fiscal como canon mensual polo posto ademais das que corresponda por augas, lixo, etc.
- g) Respetar ós demais concesionarios evitando todo choque ou aloterado poniendo en coñecemento do Encargado da Praza os posibles conflitos para que se lle de solución.
- h) Manter o posto ou local nas condicións de máxima limpeza e hixiene e procurar evitar todo deterioro que non sexa o producido polo uso normal.
- i) Utilizar o posto ou local só e exclusivamente para o fin ó que este esté destinado e para o que foi concedido.
- j) Ningún concesionario poderá variar o destino do posto ou local de que sexa titular sen o expreso consentimento do Concello que poderá acordalo á vista das necesidades e previo expediente ó efecto.
- k) Cumprir as obrigas derivadas do Ordenamento xurídico vixente e en especial as relacionadas coa actividade laboral, mercantil e de Seguridade Social ademais das contidas neste Regulamento ou que se decreten pola Autoridade Municipal competente.
- l) Non realizaar operacións de desplumar ou deshollar caza e volatería nos postos do Mercado.
- m) Facilitar a inspección sanitaria dos postos.
- n) Almacena-las mercancias dentro do propio posto, non podendo utilizar os espazos comúns ou libres do Mercado como almacén dos postos.

INSPECCIÓN SANITARIA

Artigo 29.- A inspección sanitaria do Mercado, a cargo do Veterinario titular comprenderá:

- a) A inspección e vixiancia das condicións hixiénico sanitarias dos postos de venda, informando do estado dos mesmos periódicamente e sempre que ocorra algún caso que a esixa ou aconselle.
- b) A inspección e vixiancia de todos os produtos que se vendan no Mercado.
- c) Decomiso das mercadorías en malas condicións sanitarias e que non poidan venderse sen risco da saúde para os compradores. De ditas mercadorías farase cargo o Encargado da Praza e con informe sanitario do Veterinario ou Farmacéutico, daráselles o destino que proceda.
- d) Atender as demandas ou reclamacións que se formulen sobre o estado dos produtos adquiridos polos usuarios e compradores.

DO ENCARGADO DO MERCADO

Artigo 30.- Para o normal funcionamento do Mercado o Concello nomeará un Encargado con categoría de auxiliar que terá as atribucións que no nomeamento se estipulen e en especial:

- a) Abrir ou pechar o Mercado ás horas estipuladas, así como no caso en que sexa requerido en supostos de necesidade ou urxencia polo concellal responsable do servicio.
- b) Acompañar ó Inspector Veterinario ou Farmacéutico e levantar acta das inspeccións e no particular dos casos en que o referido Inspector observe algunha anomalía ou deba proceder ó decomiso dalgún artigo.
- c) Levar os libros nos que recollerá todo o relativo a inspeccións, sancións, incumprimento deste Regulamento e demais normas emanadas da Autoridade municipal e cantas incidencias deban ser reseñadas para dar conta á Autoridade municipal.
- d) Redactar o parte diario que pasará a coñecemento do Concelleiro Delegado.
- e) Facerse cargo das mercadorías decomisadas pola Inspección sanitaria e procurar que se destrúan ou se lles dea o correspondente destino.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- f) Intervir en calquera anomalía que se produza procurando solucionar e restablecer a orde que se tivera perturbado reflexándoo no parte diario e, no caso necesario, poñer os feitos en coñecemento do Concelleiro Delegado.
- g) Reclamar a actuación da Policía Municipal cando sexa necesario para o bon funcionamento da Praza ou Mercado.

DO INSPECTOR VETERINARIO E FARMACÉUTICO

Artigo 31.- Corresponde a inspección sanitaria de todos os artigos que se ofrezan ó público no recinto da Praza de Abastos ó Inspector-Sanitario titular do Concello que actuará por propia iniciativa e terá por cometido:

- a) A inspección e vixilancia sanitaria de todos os artigos de alimentación que se ofrezan en venda.
- b) Ordear o decomiso dos artigos que non reúnan as condicións sanitarias adecuadas.
- c) Inspeccionar a hixiene dos postos de venda proponiendo medidas a adptar e sancións a imponer.
- d) Actuar no caso de denuncia tirando visita de inspección ós postos denunciados, da que levantará acta o Encargado na forma dita no artigo 30, proponiendo as medidas a adoptar segundo o resultado da inspección.
- e) Xirar visita periódicas a cada posto ou local do Mercado de Abastos con levantamento da correspondente acta, na que emitirá o informe correspondente e, no seu caso, propondrá a adopción das medidas adecuadas.
- f) Poderá requerir, a través do Encargado, o auxilio da Policía Municipal cando o considere necesario para a súa laboura inspectora.

Artigo 32.- A Policía Municipal prestará auxilio ó persoal do Mercado de Abastos cando sexa requerida para elo olo Encargado.

En todo momento coidará da orde pública no recinto da Praza de Abastos.

6

RECURSOS E RECLAMACIÓNS

Artigo 33.-

- 1.- Contra as instrucións do Encargado do Mercado e en xeral contra claquera situación de feito que non acade carácter de acto administrativo, faráse a reclamación ante o Alcalde.
- 2.- Contra as Resolucións da alocaldia e os acordos municipais daránse os recursos administrativos e xurisdiccionais previstos na lexislación vixente.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 34.- Os titulares das concesións serán responsables das infraccións de todo xénero que se cometan por eles directamente ou por calquera das persoas dependentes dos mesmos, e así, sobre ditos titulares, recaerán as sancións que lles sexan impostas en relación coa actividade que no posto ou local de que sexan titulares se desenrole.

Artigo 35.- As infraccións clasifícanse en tres grupos segundo a súa incidencia sobre a actividade do local ou posto, e así serán consideradas:

A) LEVES:

- 1.- As discusións ou altercados e pequenas dependencias que non alteren o desenrolo da actividade do Mercado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 2.- Os descuidos ocasionais na limpeza do posto ou local e indumentaria utilizada.
- 3.- Calquera infracción do Regulamento non considerado falta grave.

B) GRAVES:

- 1.- A reiteración de faltas leves de idéntica natureza dentro dun período de tempo que non supere o ano.
- 2.- A comisión de tres faltas de hixiene ou limpeza dentro do mesmo ano.
- 3.- O reiterado encumprimento deste Regulamento ou das normas de funcionamento dictados pola autoridade municipal.
- 4.- O fraude no peso, medida ou data de caducidade dos produtos que se ofrecen ó público.
- 5.- Dificultar a laboura inspectora-sanitaria.
- 6.- Ter o posto ou local pechado durante 3 días consecutivos ou 5 alternos nun mes.
- 7.- Realizar obras ou modificacións no local sen autorización municipal.
- 8.- O desacato ás ordes emanadas da autoridade municipal.
- 9.- A falla de pago da taxa mensual.
- 10- Empregar no negegocio persoa allea á familia sen autorización.

7

C) MOI GRAVES:

- 1.- A reiteración de calquera das graves.
- 2.- A falla total de hixiene e limpeza do local ou posto.
- 3.- A cesión ou arrendamento do posto ou local sen autorización municipal.
- 4.- Ter pechado o posto ou local sen causa xustificada máis dun mes.
- 5.- Negarse a autorizar unha inspección do local cando o Veterinario Inspector ou Farmacéutico o considere necesario.

Artigo 36.- As infraccións sancionaránse:

- a) As leves con apercibimento e multa de 6 ata 30 euros.
- b) As graves con multa de 60 ata 300 euros, suspensión ou peche do posto durante un mes.
- c) As moi graves con suspensión ou peche do posto durante un ano ou perda da concesión con obriga de deixar libre o posto ou local no prazo de dez días, con esixencia das responsabilidades que procedan.

Artigo 37.- Son sancións especiais que se aplicarán a casos concretos:

- a) O decomiso de mercadorías.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- b) A suspensión de obras ou instalacións.
- c) As multas ou recargos previstos na Ordenanza e os impostos por acordo municipal.

DISPOSICIÓNES ESPECIAIS PARA PRODUCTOS DE PRODUCCIÓN PROPIA

Artigo 38.-

Establécense uns días a semá, mércores e sábados, para a venda de produtos agrícolas ou da pesca obtidos por produción propia dos vendedores. Excepto nos meses de xullo, agosto e setembro nos que dita venda poderá realizarse con carácter diario.

Dita venda realizarase nas bancadas centrais, nos postos previamente sinalados polo Concello.

As mercadorías deberán estar expostas no posto, non permitíndose o contacto directo co chan.

Artigo 39.- Para poder realizar a mesma deberá obterse a oportuna autorización municipal previo cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1.- Pago do canón establecido na Ordenanza fiscal correspondente.
- 2.- No suposto de venda de produtos agrícolas, esixerase a alta no Réxime especial agrario da Seguridade Social.

No suposto de venda de produtos da pesca, esixerase o xustificante de pase por lonxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No caso de que se producira conflito entre as disposicións deste Regulamento e os preceptos da Ordenanza Fiscal aprobada para rexer as cuestións económicas do Mercado de Abastos prevalecerán:

- a) Se se trata de cuestións xurídico-administrativas, organizativas, de funcionamento ou vixencia e transferencia de concesións e similares, os preceptos deste Regulamento.
- b) Se se trata de exacción ou cobro de taxas ou prezos públicos, liquidacións e débedas ou sancións económicas, as normas establecidas pola Ordenanza Fiscal.

DISPOSICIÓNES FINAIS

PRIMEIRA.- Para o non previsto neste Regulamento estarase ó regulado nas disposicións de carácter xeral aplicables.

SEGUNDA.- Á entrada en vigor do presente Regulamento quedarán derogadas cantas disposicións rexeran con anterioridade no ámbito do Mercado de Abastos.

TERCEIRA.- O presente Regulamento poderá ser de aplicación ó resto dos Mercados de Abastos existentes ou que se constrúan no termo municipal de A Guarda.

CUARTA.- No caso de traslado da Praza de Abastos a un novo edificio dentro do prazo da existencia das concesión, o Concello resérvase o dereito ó rescate anticipado das concesións sen indemnización.

Poderá recoñecérselles, nembargantes, a reserva do posto no novo mercado, ós que sexan titulares das concesións rescatadas, segundo o cumprimento dos requisitos que se fixen no seu caso.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

QUINTA.- Mentras non exista un veterinario ou farmacéutico do Concello que leve a labor inspectora esta función será exercida polos técnicos nomeados pola Xunta de Galicia.

SEXTA.- O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado polo Pleno da Corporación e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e estará vixente ata que polo Concello sexa derogado ou modificado.